Ordenanza Fiscal Nº8: REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO.
PUBLICACIÓNS:
Inicial BOP 30/12/89
Adaptación T. REF. LHL BOP 31/12/04.
Modificación BOP 29/12/2012
Modificación BOP 26/12/2013
Modificación BOP 31/12/2014
Modificación BOP 21/12/2016
Modificación BOP 29/12/2017
Ultima modificación BOP 13/12/2019

Fundamento e natureza
Artigo 1.º.- No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, e conforme co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (texto refundido da Lei reguladora das facendas locais), este concello establece a taxa polo servizo da recollida do lixo, que se rexerá por esta ordenanza fiscal e polo citado Real decreto 2/2004.
Feito impoñible
Art. 2º.- 1. Constitúe o feito impoñible desta taxa:
a) A recollida do lixo procedente das vivendas, oficinas e establecementos comerciais, industriais e mercantís.
b) A recollida especial de residuos industriais e outros residuos sólidos urbanos.
2. Declárase obrigatoria a utilización do servizo ó que se refire o apartado a) do número precedente.
3. O réxime de prestación dos servizos axustarase ás disposicións xerais ditadas polo Concello e ás resolucións e bandos que dite a Presidencia.
Obriga de pagamento
Art. 3.- 1. A obrigación de contribuír nace da efectiva prestación do servizo. Na modalidade do apartado a) do n.º 1 do art. anterior, a prestación do servizo entendese polo simple feito de que o concello o teña establecido, aínda o particular interesado non o utilice.
2.- Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e/o xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen o utilicen as vivendas e locais aos que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario ou en virtude de calquera título xurídico que outorgue o dereito o uso do inmoble, como o usufruto, uso, habitación, arrendamento, ou calquera outro.
3.- En todo caso, terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais (se non presenta escritura pública de propiedade entendese o que figure en Catastro), que poderá repercutir, si é o caso, as cotas satisfeitas sobre o ocupante ou usuarios.
Establécense as seguintes regras especiais:
- Nos casos nos que o consumo de auga ou de luz dun inmoble que comprenda varias vivendas ou locais sexa facturado conxuntamente por lectura a través dun único contador, a taxa por prestación do servizo de recollida do lixo efectuarase individualmente, contendo tantos recibos como vivendas ou locais haxa.
- Os propietarios ou titulares dos edificios ós que se refire o parágrafo anterior ou os presidentes das comunidades de propietarios, están obrigados a facilitarlle á Administración Municipal os datos necesarios para a mellor aplicación da taxa, individualizando en cada un dos titulares dos distintos locais ou vivendas do inmoble.

- Supostos específicos de non suxeición:
a) A solicitude dos interesados, e previo informe técnico, cando os colectores estean situados a mais de 500 metros da vivenda.
b)Vivendas, locais e establecementos nas que concorra calquera das seguintes circunstancias de feito:
b.1) Atoparse en estado de ruína oficialmente declarado polo concello de conformidade coa lexislación urbanística vixente. A declaración de non suxeición e correspondente baixa no padrón producirase de oficio pola Administración tributaria, unha vez comunicada polo concello a correspondente declaración de ruína.
b.2) Tratarse de inmobles non susceptibles de uso ou ocupación.
Para estes efectos, considéranse como tales unicamente os inmobles que carezan dos servizos de subministración de auga potable, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica. A declaración da non suxeición da taxa no suposto de inmobles non susceptibles de uso ou ocupación producirase a instancia de parte, e previa a acreditación de que o inmoble non dispón dos servizos de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica.
Entenderase que o inmoble carece destes servizos cando estea dado de baixa como usuario en todos os servizos sinalados, con carácter definitivo, pola entidade subministradora ou prestadora.
No caso de que non se acredite este extremo, o inmoble considerarase utilizable ou ocupable, e devengará a taxa correspondente.

Base e gravame

Art. 4º.- As bases de percepción están determinadas segundo se especifica nas tarifas.

Contía

Art. 5º.- ***A contía da taxa regulada nesta ordenanza será fixada de acordo cas seguintes tarifas:***

I.- Recollida de lixo anual

a) Vivendas:

a-1) Na vila de Xinzo de Limia: 59,57 €.

a-2) Na zona rural do municipio: 49,55 €.

b)Establecementos comerciais, industriais, mercantís e oficinas:

b-1) Xeral:

- Por cada un cunha superficie de ata 50 m2: 76,58 €
- Máis de 50 m2 ata 100 m2: 153,17 €.
- Máis de 100 m2 ata 350 m2: 229,74 €.
- Máis de 350 m2: 382,7 €

Aplicarase esta tarifa xeral a aqueles locais susceptibles de explotación nos que non se estivese desempregando ninguna actividade, o cal se acreditará mediante informe técnico municipal.
Se a oficina ou establecemento estivera na mesma vivenda, sen separación, se aplicará unicamente a tarifa precedente, quedando embebida na do apartado a).

b-2) Casos particulares:

As cotas correspondentes aos locais que se relacionan seguidamente, serán as que se indican:

1.- Supermercados:
- Cunha superficie de ata 50 m2: 459,52 €.
- Cunha superficie de máis de 50 m2 ata 100 m2: 689,28 €.
- Cunha superficie de máis de 100 m2: 1.148,79 €.

2.- Froiterías:
- Cunha superficie de ata 50 m2: 459,52 €.
- Cunha superficie maior de 50 m2: 689,28 €.

3.- Farmacias: 459,52 €.

4.- Restaurantes:
- Cunha superficie de ata 50 m2: 229,74 €.
- Cunha superficie de máis de 50 m2 e ata 100 m2: 459,52 €.
- Con máis de 100 m2 de superficie: 689,28 €.

5.- Bares, cafeterías, pubs:

- Con superficie de ata 50 m2: 153,17 €.
- Con superficie de máis de 50 m2 ata 100 m2: 306,32 €.
- Con máis de 100 m2 de superficie: 459,52 €.
6.- Florerías:
- Con superficie de ata 50 m2: 229,74 €.
- Con máis de 50 m2 de superficie: 459,52 €.
7.- Bancos e entidades de crédito: 382,93 €.
8.- Hoteis e hostais:
- Ata 100 prazas, por cada unha: 1,98 €.
- Exceso, por praza: 0,99 €.
9.- Peixerías e carnicerías: 544,61 €.
10.-Cines e teatros: 114,89 €.
11.- Discotecas e salas de festa:
- Ata 500 m2 de superficie: 229,74 €.
- Máis de 500 m2 de superficie: 306,32 €.
12.- Talleres e semellantes:
- Ata 100 m2 de superficie: 153,17 €.
- Con superficie de máis de 100 m2 ata 500 m2: 229,74 €.
- Con máis de 500 m2 de superficie: 306,32 €.

Observacións especiais

Art. 6º.- A pedimento dos interesados e sempre que sexa posible dende o punto de vista organizativo, poderán establecerse modalidades especiais de recollida para algún caso dos comprendidos no apartado b-2), fixándose neste suposto as tarifas, que en ningún caso serán inferiores ás especificadas, segundo concerto no que se terán en conta os prezos unitarios que rixan en cada momento, segundo o réxime económico en vigor entre o Concello e o concesionario.

Cando por circunstancias especiais dalgún dos establecementos comprendidos no apartado b-2) ,producisen un volume de lixo superior ó estimado, de xeito que a taxa establecida non cubra os custos do servizo, procederase de forma individualizada á sinalización dunha taxa especial segundo os mesmos criterios sinalados no apartado anterior de acordo cos custos unitarios que rixan en cada momento.

II.- Recollidas especiais

1. Inclúense baixo este apartado as recollidas especiais de residuos sólidos urbanos, mesmo residuos industriais, que se realizarán a petición dos interesados.

Serán obxecto de liquidación en base ós custos para o Concello, conforme co réxime vixente en cada momento entre o Concello e o concesionario.

2. A recolla domiciliaria de pertenzas, de carácter periódico, regulada pola normativa xeral, non será obxecto de exacción por considerarse como complementario ós servizos da tarifa 1.

Declaración, liquidación e ingreso

Artigo 7º.-

1. Os interesados formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación e o último día do mes natural seguinte, e xurdirán efecto dende o trimestre no que fose producida a variación.

2. As cotas esixidas nesta taxa liquidaranse anualmente.

3. No suposto de recollidas especiais, a forma de pagamento da taxa determinarase no momento de autoriza-lo réxime especial, practicándose a liquidación que procedese, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos sinalados no Réxime Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

"Establécese unha bonificación única e transitoria a aplicar no primeiro recibo do ano 2020 equivalente ao 4,12 % da tarifa correspondente do ano 2019, de conformidade coa bonificación na contía do canón unitario de tratamento por tonelada de residuos entregados a SOGAMA (creada pola Lei 3/2018, de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de Galicia modificando a Lei 11/2013, de 26 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014). Así a BONIFICACIÓN APLICABLE AO EXERCICIO 2019 (liquidable no primeiro recibo do ano 2020) , acadará as seguintes contías que a continuación se reflicten:

	BONIFICACIÓN 2019 (4,12% DAS VIXENTES TARIFAS)
I.- Recollida de lixo anual	
a) Vivendas:	
a-2) Na zona rural do municipio:	*-1,85*
b)Establecementos comerciais, industriais, mercantís e oficinas:	
b-1) Xeral:	
- Por cada un cunha superficie de ata 50 m2:	*-2,86*
- Máis de 50 m2 ata 100 m2:	*-5,72*
- Máis de 100 m2 ata 350 m2:	*-8,59*
- Máis de 350 m2:	*-14,30*
b-2) Casos particulares:	
As cotas correspondentes aos locais que se relacionan seguidamente, serán as que se indican:	
1.- Supermercados:	
- Cunha superficie de ata 50 m2:	*-17,17*
- Cunha superficie de máis de 50 m2 ata 100 m2:	*-25,76*
- Cunha superficie de máis de 100 m2:	*-42,93*
2.- Froiterías:	
- Cunha superficie de ata 50 m2:	*-17,17*
- Cunha superficie maior de 50 m2:	*-25,76*
3.- Farmacias:	*-17,17*
4.- Restaurantes:	
- Cunha superficie de ata 50 m2:	*-8,59*
- Cunha superficie de máis de 50 m2 e ata 100 m2:	*-17,17*
- Con máis de 100 m2 de superficie:	*-25,76*
5.- Bares, cafeterías, pubs:	
- Con superficie de ata 50 m2:	*-5,72*
- Con superficie de máis de 50 m2 ata 100 m2:	*-11,45*
- Con máis de 100 m2 de superficie:	*-17,17*
6.- Florerías:	
- Con superficie de ata 50 m2:	*-8,59*
- Con máis de 50 m2 de superficie:	*-17,17*
7.- Bancos e entidades de crédito:	*-14,31*
8.- Hoteis e hostais:	
- Ata 100 prazas, por cada unha:	*-0,07*
- Exceso, por praza:	*-0,04*
9.- Peixerías e carnicerías:	*-20,35*

10.-Cines e teatros:	*-4,29*
11.- Discotecas e salas de festa:	
- Ata 500 m2 de superficie:	*-8,59*
- Máis de 500 m2 de superficie:	*-11,45*
12.- Talleres e semellantes:	
- Ata 100 m2 de superficie:	*-5,72*
- Con superficie de máis de 100 m2 ata 500 m2:	*-8,59*

Disposición final

"A presente modificación de ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de 4 de outubro de 2019 e que elevouse a definitiva ao non presentarse alegacións en prazo, substitúe e derroga á anterior aprobada polo Pleno municipal en reunión do 6 de novembro do ano 2017 no que foi modificada, e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2020 permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.